

ACTA DA DECIMOQUINTA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

ASISTENTES POR VÍA TELEMÁTICA:

POLA XUNTA DE GALICIA:

Don Tomás Fernández-Couto Juanas
Director Xeral de Defensa do Monte
Don Iñaki Bergaretxe Urdanpilleta
Subdirector Xeral de Prevención

POLA FEGAMP:

D. Alfonso Villares Bermúdez
Vicepresidente primeiro da Fegamp
Dona Lucía González Louro
Técnico da Fegamp

POR SEAGA:

Don Pablo Arbones Maciñeira
Director xerente de Seaga
Don Antón Barral Álvarez
Licenciado en Dereito Seaga

Sendo as 13.00 horas do 17 de setembro de 2020 reúnese por vía telemática a Comisión de Seguimento do Convenio previamente citados baixo a seguinte

ORDE DO DÍA

- I.- Lectura e aprobación da acta da reunión da Comisión de 11 de marzo de 2020.
- II.- Aprobación das novas solicitudes de adhesión ao Convenio

CÓD. PROV	CONCELLO
15	CAMBRE
15	OZA-CESURAS
27	BARALLA
32	BAÑOS DE MOLGAS
36	CALDAS DE REIS
36	LALÍN
36	ROSAL (O)

III.- Visto bo ao borrador do texto para a cuarta addenda ao Convenio

IV.- Establecemento dos requisitos mínimos esixibles en canto á documentación que debe acompañar ás solicitudes dos concellos adheridos para a realización material das actuacións de xestión de biomasa derivadas de resolucións de execución subsidiaria, de ata 10 ha por concello e ano. Establecemento dun procedemento para



tramitar as solicitudes. Presentación e estudo das solicitudes formuladas ata a data polo concellos adheridos para a súa aprobación baseada nos requisitos e no procedemento establecidos, na próxima xuntanza da comisión de seguimento.

V.- Presentación e aprobación das solicitudes dos concellos adheridos para levar a cabo actuacións de xestión de biomasa nas vías de titularidade municipal de ata 10 km por Concello e ano.

VI.- Presentación e aprobación das solicitudes de iniciativas estratéxicas formuladas polos concellos adheridos.

VII.- Rogos e preguntas.

Aberta a sesión polo Presidente, D. Tomás Fernández-Couto Juanas, abórdanse os distintos puntos da Orde do día.

I.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE 11 DE MARZO DE 2020

Unha vez revisadas as actas pola FEGAMP e pola Secretaría Xeral Técnica, e realizadas as modificacións oportunas, procédese á aprobación da mesma, acordándose a súa firma por medios telemáticos, polo Presidente e a Secretaria da Comisión, e o seu posterior envío aos restantes membros da Comisión

II.- APROBACIÓN DAS NOVAS SOLICITUDES DE ADHESIÓN AO CONVENIO

Na data da celebración da Comisión rexistráronse novas solicitudes de adhesión ao Convenio

Concellos A Coruña (2)
CAMBRE
OZA-CESURAS
Concellos Lugo (1)
BARALLA
Concellos Ourense (1)
BAÑOS DE MOLGAS



Concellos Pontevedra (3)
CALDAS DE REIS
LALÍN
ROSAL (0)

Admítense as solicitudes de adhesión deste Concellos e acórdase notificar con esta data as resolucións informando da admisión segundo o modelo aprobado pola Comisión e revisado polas partes asinantes do Convenio. Posteriormente dende Seaga contactarase co Concello adherido para ir avanzando na elaboración da planificación.

III.- VISTO BO AO BORRADOR DO TEXTO PARA A CUARTA ADDENDA AO CONVENIO

Coméntase na Comisión o contido do borrador do texto para a cuarta addenda ao Convenio remitido previamente aos membros da Comisión.

Procédese a comentar por parte do presidente o contido da mesma e a continuación solicítase a opinión dos restantes membros da comisión.

Solicita a FEGAMP que, antes da aprobación do borrador, por parte da Consellería se trate coa nova dirección da FEGAMP o contido do borrador e as implicacións do convenio.

Acórdase pospoñer a aprobación do borrador a dita reunión.

IV.- ESTABLECEMENTO DOS REQUISITOS MÍNIMOS ESIXIBLES EN CANTO Á DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACOMPAÑAR ÁS SOLICITUDES DOS CONCELLOS ADHERIDOS PARA A REALIZACIÓN MATERIAL DAS ACTUACIÓNS DE XESTIÓN DE BIOMASA DERIVADAS DE RESOLUCIÓN DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA, DE ATA 10 HA POR CONCELLO E ANO.

ESTABLECEMENTO DUN PROCEDIMENTO PARA TRAMITAR AS SOLICITUDES. PRESENTACIÓN E ESTUDO DAS SOLICITUDES FORMULADAS ATA A DATA POLO CONCELLOS ADHERIDOS PARA A SÚA APROBACIÓN BASEADA NOS REQUISITOS E NO PROCEDIMENTO ESTABLECIDOS, NA PRÓXIMA XUNTANZA DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO.

Segundo establece a terceira addenda a través do Convenio poderá levarse a cabo a seguinte actuación:

“Realización material das actuacións de xestión de biomasa, derivadas da tramitación de procedementos de execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa,



unha vez notificado polos concellos adheridos o incumprimento nas obrigas de xestión da biomasa segundo o procedemento descrito na Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras e a Lei 7/2012, do 28 de xuño de montes de Galicia (DOG núm.87, do 7 de maio de 2018), e se constate a persistencia no incumprimento.”.

Estes serían os requisitos que deberían cumprirse segundo a antedita Instrución

Requisitos Instrución 1/2018 Medio Rural							
Datos Catastrais da parcela	Identificación persoa responsable	Feitos que motivan a notificación e método de constatación	Concreta obrigación incumplida co seu precepto legal	Prazo máximo para cumprimento voluntario	Apercibimento execución subsidiaria	Liquidación provisional custos	Advertencia procedemento sancionador

A data de celebración da Comisión recibíronse as seguintes 27 solicitudes.

CORUÑA
Ames
(A) Baña
Neda
Ortigueira
Ponteceso
Santa Comba
(As) Somozas
Teo
Oza-Cesuras
LUGO
Guitiriz
Monterroso
(A) Pastoriza
Ribadeo
Sober
Trabada

OURENSE
Carballada de Avia
(O) Pereiro de Aguiar
Porqueira
Ourense
Riós
PONTEVEDRA
(O) Covelo
Crecente
Forcarei
Oía
Salvaterra de Miño
Pazos de Borbén
Poio



Coméntase que os Concellos de Poio e Ames non estaban na documentación da Convocatoria xa que cando se convocou a Comisión aínda non presentaran a súa solicitude, recibíndose estas antes da celebración de presente xuntanza. Acórdase por parte das persoas presentes incluílas neste momento.

A maioría dos solicitantes non cumpre co requisito de notificación á persoa responsable da liquidación provisional dos custos da execución. Nalgún concello incúmrese tamén algún dos requisitos (publicación en BOE e DOG, acreditación da constatación do cumprimento...) e noutros concellos habería que pedirles documentación para comprobación dos requisitos.

Tras valorar a situación das solicitudes apróbanse as solicitudes dos Concellos solicitantes que cumpran cos requisitos da Instrución 1/2018, da Consellería de Medio Rural.

A día de hoxe acreditan o cumprimento os Concellos de Trabada e Guitiriz. Outros Concellos teñen pendente á acreditación dos requisitos ou compren parcialmente nalgún dos expedientes solicitados.

No caso de Concellos nos que falte por acreditar algún requisito da Instrución 1/2018 requirirase ao Concello para a acreditación do mesmo, quedando a aprobación das Hectáreas de execución subsidiarias solicitadas condicionada á acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos pola Instrución 1/2018

Requisitos Instrución 1/2018 Medio Rural							
Datos Catastrais da parcela	Identificación persoa responsable	Feitos que motivan a notificación e método de constatación	Concreta obrigación incumplida co seu precepto legal	Prazo máximo para cumprimento voluntario	Apercibimento execución subsidiaria	Liquidación provisional custos	Advertencia procedemento sancionador

Acórdase remitir unha resolución para cada Concello solicitante comunicando a súa situación e reclamando, de ser o caso, a emenda dos defectos atopados na revisión das súas solicitudes e/ou reclamando a documentación adicional que se precise, facilitando o apoio técnico e administrativo necesario a través do Convenio. Este documento será preparado por SEAGA e remitido pola Consellería por medios telemáticos.

As actuacións aprobadas quedarán limitadas, en todo caso, á superficie da parcela afectada por faixa secundaria.



V.- PRESENTACIÓN E APROBACIÓN DAS SOLICITUDES DOS CONCELLOS ADHERIDOS PARA LEVAR A CABO ACTUACIÓNS DE XESTIÓN DE BIOMASA NAS VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DE ATA 10 KM POR CONCELLO E ANO.

Neste punto preséntanse as solicitudes recibidas ata o momento en relación coas vías de titularidade municipal recollidas na seguinte táboa:

PROVINCIA	CONCELLO
A Coruña	Ames
A Coruña	A Baña
A Coruña	Bergondo
A Coruña	Cabanas
A Coruña	Carnota
A Coruña	Carral
A Coruña	Corcubión
A Coruña	Dodro
A Coruña	Frades
A Coruña	Moeche
A Coruña	Ortigueira
A Coruña	Ponteceso
A Coruña	Santa Comba
A Coruña	Teo
A Coruña	Toques
A Coruña	Valdoviño
A Coruña	Vimianzo
Lugo	Navia de Suarna
Lugo	Negueira de Muñiz
Lugo	As Nogais
Lugo	Pantón
Lugo	Paradela
Lugo	A Pastoriza
Lugo	Ribadeo
Lugo	Ribeira de Piquín
Lugo	Sober



Lugo	Trabada
Ourense	A Arnoia
Ourense	Avión
Ourense	Barbadás
Ourense	O Barco de Valdeorras
Ourense	Carballeda de Valdeorras
Ourense	Carballeda de Avia
Ourense	O Carballiño
Ourense	Coles
Ourense	Leiro
Ourense	Manzaneda
Ourense	Melón
Ourense	Muíños
Ourense	Oímbra
Ourense	Parada de Sil
Ourense	O Pereiro de Aguiar
Ourense	A Peroxa
Ourense	Petín
Ourense	A Pobra de Trives
Ourense	Quintela de Leirado
Ourense	San Xoán de Río
Ourense	Riós
Ourense	San Amaro
Ourense	San Cristovo de Cea
Ourense	A Teixeira
Ourense	Verea
Ourense	Vilamartín de Valdeorras
Ourense	Vilariño de Conso
Pontevedra	A Cañiza
Pontevedra	O Covelo
Pontevedra	Crecente
Pontevedra	Fornelos de Montes
Pontevedra	Marín
Pontevedra	As Neves
Pontevedra	Oia
Pontevedra	Ponteareas
Pontevedra	Ponte Caldelas



Segundo os datos presentados ante a Comisión por Seaga clasifícanse os concellos por cores branco, vermello e amarelo. As de cor branco estarían cotexadas e cos datos facilitados pola Axencia Tributaria de Galicia (Atriga). As de cor amarelo están pendentes de validación e as de cor vermello teñen erros ou incumpren os requisitos.

Acórdase a aprobación das que compren todos os requisitos e están preparadas e validadas (cor branco) quedando as amarelas e as vermellas pendentes de aprobación e de emenda da solicitude, de ser o caso.

VI.- PRESENTACIÓN E APROBACIÓN DAS SOLICITUDES DE INICIATIVAS ESTRATÉXICAS FORMULADAS POLOS CONCELLOS ADHERIDOS.

Preséntanse as solicitudes recibidas ata o momento en relación coas iniciativas estratéxicas recollidas na seguinte táboa:

PROVINCIA	CONCELLO	Núcleo_1	Núcleo_2
A Coruña	Bergondo	Costa de Santa Marta (Santa Marta de Babío)	
A Coruña	Carnota	Carballal (Lira)	Rates (Lira)
A Coruña	Carral	Xontes (Santiago de Sumio)	Azoreira (San Martiño de Tabeaio)
A Coruña	Neda	Rabadeña	Trasmonte
Lugo	Trabada	A Igrexa (Sante)	Vilarbetote (Sante)
Ourense	Oímbra	As Chás	San Cibrao

Coméntase que están preparadas e pendentes de aprobación as solicitudes de Carnota, Neda e Oímbra. No caso de Bergondo e Trabada están pendentes de elaboración. No Concello de Carral está preparado o Núcleo de Xontes pero o de Azoreira precisa traballos de definición correcta do núcleo.



Tras valorar estes datos procédese á aprobación das iniciativas estratéxicas dos seguintes núcleos:

- 1.- Carballal (Lira) do Concello de Carnota.
- 2.- Rates (Lira) do Concello de Carnota.
- 3.- Xontes (Santiago de Sumio) do Concello de Carral.
- 4.- Rabadeña do Concello de Neda.
- 5.- Trasmonte do Concello de Neda.
- 6.- As Chás do Concello de Oímbra.
- 7.- San Cibrao do Concello de Oímbra.
- 8.- Costa de Santa Marta (Santa Marta de Babío) do Concello de Bergondo.

VII.- ROGOS E PREGUNTAS.

Termina a reunión sen rogos e preguntas

E sen máis asuntos que tratar, o Presidente da por finalizada a reunión, sendo as 14:00 horas da data sinalada no encabezamento.

